

CIRCULAR 90-2016

- A todas as Delegacións (*)

- Aos clubs, adestradores e atletas.

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

REGULAMENTO FASE FINAL V LIGA GALEGA ESCOLAR FEDERADA- ABANCA

Art.1). A Delegación da F.G.A en A Coruña organizará a Fase Final da V Liga Galega Escolar Federada- Abanca en Pista Cuberta o día 29 de Xaneiro de 2017, nas pistas de atletismo do Pazo de Deportes de Riazor.

Art.2).- Poderán intervir os equipos clasificados da primeira fase. Os clubs son:

Benxamin Homes: Coruña Comarca, Sociedad Gimnástica de Pontevedra, Ourense Atletismo, ADAS Prionor, Fontes do Sar, Millaraio, Club Atletismo Sada e Riazor

Benxamin Mulleres: Atletismo Narón, Vila de Cangas, Ourense Atletismo, Millaraio, ADAS Prionor, Club Atletismo Sada, Riazor e Fontes do Sar

Alevín Homes: Fontes do Sar, Vila de Canga, Ourense Atletismo, ADAS Prionor, Sociedad Gimnástica de Pontevedra, Ría Ferrol, Coruña Comarca e R.C. Celta

Alevín mulleres: Club Atletismo Sada, Vila de Cangas, Ourense Atletismo, Agrupación Viguesa de Atletismo, Sociedad Gimnástica de Pontevedra, Atletismo Femenino Celta, Ría Ferrol e Millaraio

Infantil Homes: Millaraio, R.C. Celta, Ourense Atletismo, Vila de Cangas, Coruña Comarca, Club Atletismo Sada, Ría Ferrol e Riazor

Infantil Mulleres: Millaraio, Vila de Cangas, Franciscanos de Lugo, Agrupación Viguesa de Atletismo, Sociedad Gimnástica de Pontevedra, Ría Ferrol, Fontes do Sar e Ourense Atletismo

Art.3). As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 24 de xaneiro.

Art.4). Os equipos deberán confirmar a participación dos seus atletas ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5). Limitación na inscrición: Cada atleta poderá realizar nun máximo de 2 probas individuais ou una proba individual e o relevo (non podendo realizar o 500 e o 1000). En cada proba puntuaran dous atletas por entidade. O número máximo de participacións de clubs asociados na categoría infantil será de 6 (non está permitida a participación de clubs asociados nas categorías benxamín e alevín).



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art.6). Na categoría benxamín e alevín os clubs poderán deixar sen cubrir unha das probas. Na categoría infantil, poderán deixar sen cubrir dúas das probas.

Art.7). Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.8). Número de intentos e cadencias: Nos lanzamentos e saltos horizontais cada participante realizará 4 intentos.

Art.9) A puntuación en tódalas probas efectuarase da seguinte forma: n puntos ao 1º, n-1 ao 2º..... Os atletas (ou equipos) retirados ou descualificados non puntúan.

- En caso de empate entre dous ou mais atletas, os puntos repartíranse
- A clasificación será independente os homes das mulleres
- O club vencedor será o que obteña o maior número de puntos. En caso de empate declárase vencedor o club que consiga un maior número de primeiros postos e de seguir o empate o que teña maior número de segundos postos e así sucesivamente.

Art.10). Ao rematar a liga entregáranse trofeos aos tres primeiros equipos de cada categoría e medallas a cada un dos compoñentes do equipo sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará o trofeo. Proclamarase campión o equipo que obteña maior cantidade de puntos.

Art.11). O Delegado oficial de cada equipo poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 45 minutos antes do comezo de cada proba respectiva.

Art.12). O sorteo de rúas e orden de actuación sortearáse unha vez recibidas todas as inscricións

Art.13). **Alturas dos listóns e distancias das táboas:** Colocarase a altura máis baixa das solicitadas polos atletas, e que permitan os saltómetros. A cadencia publicarase co horario definitivo. A distancia das táboas decidírase en función das marcas dos participantes

Art.14). Para as categorías benxamín e alevín non é obrigatorio o uso de tacos nin saída en posición agachada nas probas de velocidade. Para a categoría infantil é obrigatorio a saída con catro apoios con ou sen tacos e non se permitirá ningunha saída nula.

Art.15). Dadas as características da instalación os relevos faránse 4x80m en categoría benxamin e alevín e 4x1 volta en infantil, con calle libre dende o inicio e sen zonas nen pre-zonas (en función dos equipos participantes faránse 1 ou 2 series)



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art.16). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase dea cordo, por este orden, as normas da F.G.A, R.F.E.A e I.A.A.F.

PROGRAMA DE PROBAS DA COMPETICION

CATEGORIA		
Benx	Alev	Inf
50	50	50
500	500	500
1000	1000	1000
		50v. 0,84/0,76
Peso 1kg	Peso 2kg	Peso 3kg
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
Altura	Altura	Altura
		Pértega
		Triple
Relevo 4x80	Relevo 4x80	Relevo 4x1 volta



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Horario (provisional). Publicara-se o definitivo o mércores anterior á competición

XORNADA DE MAÑÁ: BENXAMIN E ALEVIN

Proba	Categoría	Sexo	Hora	Proba	Categoría	Sexo
			10.30	Altura	Ben.	M
				Peso 2kg	Alv.	M
				Lonx	Alev	H
50	Alev	H	11.00			
50	Alev	M	11.10			
50	Benx	H	11.20			
50	Benx	M	11.30			
			11.45	Altura	Ben	H
				Lonx	Alev	M
500	Alv.	H	11.45	Peso 1kg	Ben.	M
500	Alv.	M	11.55			
500	Benx	H	12.05			
500	Benx	M	12.15			
1000	Alev	H	12:30	Altura	Alv	M
				Lonx	Benx	H
				Peso 2kg	Alev	H
1000	Benx	H	12.40			
1000	Alev	M	12.55			
1000	Benx	M	13.05			
4x ½ volta	Benx	H	13.15	Peso 1 Kg	Benx	H
				Lonx	Benx	M
				Altura	Alev	H
4x ½ volta	Benx	M	13.25			
4x ½ volta	Alev	H	13.35			
4x ½ volta	Alev	M	13.45			



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



XORNADA DE TARDE: INFANTIL

Proba	Categoría	Sexo	Hora	Proba	Categoría	Sexo
			16.30	Lonx	Inf	M
				Pértega	Inf	H-M
				Altura	Inf.	H
50	Inf.	M	17.00			
50	Inf	H	17.15	Lonx	Inf	H
				Peso 3kg	Inf	M
500	Inf.	M	17.30			
500	Inf.	H	17.45	Triple	INF	M
1000	Inf.	M	18.00	Altura	Inf.	M
1000	Inf.	H	18.15	Peso 3kg	Inf	H
50v	Inf.	M	18.30	Triple	INF	H
50v	Inf.	H	18.45			
4x 1 volta	Inf	M	19.00			
4x1 volta	Inf	H	19.15			

Victor Arufe Giraldez

Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 29 de decembro de 2016